

OBRADOIRO DE REGUEIFAS

A **regueifa** é un molete ou roscón feito con fariña de trigo para obsequiar as persoas convidadas e a veciñanza dos noivos nos casamentos. En moitas vodas gañábao o cantador que mellor improvisaba nos enfrontamentos en verso que se producían na celebración.



De aí pasou a designar un xénero da tradición folclórica que consiste nunha disputa dialéctica en verso de coplas improvisadas. De xeito figurado úsase co significado de discusión ou pelexa verbal.

Co paso do tempo, chegou a ser unha diversión de entretemento nas tabernas o nas festas patronais.

Características da regueifa

Os versos constrúense en coplas octosilábicas de rima asonante (8- 8a 8- 8a); aínda que tamén poden ser cuartetos con rima consonante (8a 8b 8a 8b). Cántanse a capela, é dicir, sen acompañamento musical de ningún tipo. A temática varía: aspectos da vida persoal, o que acontece na sala, vestimenta ou aspecto do público presente, calquera suceso de interese xeral que se coñeza neses momentos.

<https://www.youtube.com/watch?v=qhdnAce2m4o>

Mecánica habitual da Regueifa:

- 1º. Breve **saúdo** ao público ou ás autoridades.
- 2º. **Desafío dialéctico**: un ataca e o outro deféndese e así sucesivamente.
- 3º. **Despedida** do público e das autoridades.



Lupe Blanco

Exemplo:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual/mod/page/view.php?id=36591>